

“ Mergullando no litoral de Narón”

O proxecto “ Mergullando no litoral de Narón”, levouse a cabo a través dunha subvención concedida pola Consellería do Mar, ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) aprobadas pola Consellería do Mar aos Grupos de acción Local do Sector Pesqueiro (GAKP) no marco do Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). O importe deste proxecto, a través do que se impulsaron varias accións na cidade de Narón, foi de 26.530,00 euros, dos que 23.877,00 (o 90% do mesmo) se subvencionaron en dúas anualidades a través da citada administración. O proxecto executouse na súa totalidade durante os anos 2021 e 2022. A conclusión final á que se chega con este proxecto é que o Concello continuará apostando pola valorización do mar da costa de Narón en canto á promoción económica de empresas e o turismo, para darlles esa diversificación e opción de sumar valor engadido aos produtos do mar

Os obxectivos acadados son:

-Reforzar o papel das diferentes comunidades pesqueiras no desenvolvemento a nivel local e da xestión de recursos pesqueiros e actividades marítimas locais así coma a valorización do mar da costa de Narón en canto a promoción económica de empresas e o turismo máis o sector pesqueiro, para darlles esa diversificación e opción de sumar valor engadido os produtos do mar.

-Fomentar o turismo sostible e de fóra de tempada, e protección do medio mariño.

-Incidir na sostenibilidade medioambiental do territorio, potenciando a súa protección e estudo científico.

-Mellorar na comercialización e valoración dos produtos procedentes do territorio.

Actividades que se levaron a cabo:

1.- Imaxe do proxecto.

Realizouse o deseño dixital da imaxe do proxecto para a súa identificación e promoción, así como para ser incluído en todos os materiais realizados.

2.- Vídeo posta en valor dos produtores e produtos da Ría de Ferrol

- Poñer en valor os extraordinarios produtos da ría e dar a coñecer todo o gran traballo que fan os produtores nas distintas fases do proceso.

- Dar a coñecer o gran traballo que realizan os profesionais do mar e achegar a profesión a toda a poboación.

- Promocionar o produto de calidade da Ría e potenciar á zona costeira de Narón.

3.- Video dron Espazo Rede Natura 2000 - Costa de Narón co sector produtor

- Dar a coñecer a importancia da Rede Natura 2000 na costa de Narón e visibilizar o gran traballo que levan a cabo ós produtores.
- Poñer en valor as zonas onde traballan os produtores dentro da Rede Natura 2000.

4.- Curso de formación - Impulso dunha creación de empresas no marco dunha economía azul

Sostible

Os obxectivos do curso foron os seguintes:

- Crear conciencia na sociedade da importancia da relación sustentabilidade-rentabilidade do océano e benestar social.
- Darlle un valor engadido a importancia dos mares e dos océanos como motores da economía polo seu gran potencial para a innovación.
- Incentivar a creación de novos modelos de negocio que teñan como finalidade un desenvolvemento económico sostible dos recursos mariños como estratexia de desenvolvemento social, económico e ambiental.

5.- Curso de formación -Trazabilidade e etiquetado ao consumidor final

Os obxectivos do curso foron os seguintes:

- Cantar maior sexa a información facilitada ó consumidor final sobre os produtos, maior será o grao de confianza e satisfacción que van a demostrar.
- Permite conseguir fidelidade do cliente final
- Un bo sistema de trazabilidade permite actuar de forma rápida e eficaz ante calquera problema que xurda durante a produción e comercialización de alimentos.

6.- Curso de formación - Liños Mariños

Os obxectivos do curso foron os seguintes:

- Establecer o plan de actuación que permita ó sector contribuír á redución de 200Tn de lixos mariños anualmente
- Contribuír á vertebración sectorial en relación coa clasificación de lixos mariños
- Fomentar a incorporación de medidas innovadoras que integren a recollida de lixos nas distintas modalidades de pesca.

7.- Curso de formación - Medioambiente e sustentabilidade

Os obxectivos do curso foron os seguintes:

- Crear de maneira integrada valor económico e o mesmo tempo social e medioambiental, buscando non só a rentabilidade económica, sino tamén implementando políticas de protección do medio ambiente e que fomenten o benestar social.

- A sustentabilidade e de suma importancia nas empresas porque apóiase en tres piares fundamentais: o crecemento económico, o desenvolvemento social e a protección do medio ambiente. A través deles, buscar conseguir un maior desenvolvemento social e mellorar a calidade de vida, a saúde, a educación e o nivel cultural de todas as persoas.

8.- Curso de formación Sistemas APPCC: Análises de perigos e puntos de control críticos.

O obxectivo deste curso é o de dar a coñecer os sistemas de APPCC, como pilar fundamental a hora de garantir a seguridade alimentaria e a inocuidade dos alimentos. Permite non só a protección dos usuarios, senón tamén a protección de industrias e pequenos produtores, bares, restaurantes e outros comercios que teñan relación con algún tipo de alimento.

9.- Curso de Comunicación e Márketing online.

Os obxectivos do curso foron os seguintes:

- Coñecemento de todas as claves a hora de diseñar, implementar, supervisar e mellorar campañas nos diferentes medios online.

- Coñecemento dos diferentes medios publicitarios online e ferramentas para crear campañas de publicidade por internet.

-Ser capaz de tomar as decisións correctas no momento oportuno e de orientar a outros en cuestións de márketing online.

10. Celebración dunha xornada de maridaxe de produtos da Ría de Ferrol, maridados con aceite de oliva extra de produción local (AOVE) e viños galegos.

O obxectivo desta xornada é poñer en valor os produtos locais, crear rede e dar a coñecer o funcionamento e os métodos de produción xunto cos nexos de unión máis importantes entre o peixe e o aceite de oliva.

Dar a coñecer a produción de aceite, as diferentes tipoloxías do mesmo e tamén sobre peixe, as súas bondades, a importancia destes produtos na dieta e a diferenza entre peixes azuis, brancos e semigrasos.

11.- Xornadas xeolóxicas: Evolución do litoral de Narón en relación co aumento do nivel do mar

A través desta iniciativa trátase de poñer en valor a costa de Narón dende o ámbito xeolóxico, destacando o seu potencial.

-Dar a coñecer os cambios e fenómenos erosivos que se producen nos cantís de Narón, que se caracterizan por ser moi inestables e activos, e avanzar tamén as consecuencias desa evolución a medio ou curto prazo”.



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte



Concello de
Narón